

## **AER CONDICIONA A APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE REDONDELA PARA O ANO 2018**



No votación do pleno celebrado o pasado xoves 26 de xullo, AER abstívose e permitiu a aprobación dos orzamentos, condicionándoos á execución das inversións do “Redondela 2020” e ao control das contas dos grupos políticos; forzando ademais o desenvolvemento do regulamento dos consellos parroquiais e dos orzamentos participativos, o control sobre Aqualia e tratar a aplicación da ordenanza das terrazas.

**No 2019, o goberno local tamén deberá consensuar as inversións do “Redondela 2020”.** O plan de inversións “Redondela 2020” conta cun orzamento de máis de 6 millóns de euros, dos cales a Unión Europea pon 5 millóns. AER sempre quixo que a responsabilidade da decisión dos proxectos non recaese de xeito unilateral no goberno local do Partido Popular. O compromiso por escrito que AER acadou do Alcalde de Redondela permite ter dotadas partidas orzamentarias en todas as áreas afectadas e ao mesmo tempo vai provocar que a corporación resultante das eleccións municipais do ano 2019 teña que traballar e consensuar co resto dos grupos municipais para sacar adiante os proxectos que crean convenientes encadrar no Redondela 2020.

**Os grupos políticos deberán dar conta de onde gastan os cartos que perciben do Concello. Ademais, o goberno local comprometeuse por escrito a aprobar un regulamento que impida que eses cartos sirvan para financiar aos partidos políticos.**

**Os orzamentos participativos desaparecerán mentres non se elabore un regulamento.** A intención de AER cos orzamentos participativos era que tanto asociacións como veciñanza en xeral se implicasen e decidisen as inversións do Concello. Para isto debería desenvolverse un regulamento que indicase como investir eses cartos do orzamento municipal, cousa que nunca chegou a ocorrer. O compromiso escrito acadado por AER do goberno local, implica que este ano van executarse as obras xa comprometidas, pero a partir de 2019, desaparecerán os orzamentos participativos. Paralelamente o goberno local asumiu por escrito o compromiso de iniciar os traballos da elaboración dun regulamento dos orzamentos participativos.

Dende hai anos AER está tentando recadar toda a información posible sobre **Aqualia** e o contrato de xestión asinado no seu día. O grupo de goberno comprometeuse a trasladar toda a información e documentación que obre no seu poder e que aínda non estea nos arquivos do Concello.

Dado o abandono do goberno municipal na aplicación da **ordenanza de terrazas**, permitindo a ocupación irracional do espazo público sen ningún tipo de control, e sendo AER o único grupo político que se posicionou en contra da aprobación de esta ordenanza “porque non se ía poder poñer en práctica”, acadouse o compromiso de convocar reunións para tratar esta falta de aplicación, por parte do goberno do Concello, da ordenanza de terrazas.

Por outra banda o acordo asinado entre PP e AER establece que proximamente comezarán unhas reunións para desbloquear o **regulamento dos Consellos Parroquiais**.

**AER enviou as súas propostas a todos os grupos políticos da Corporación** ao mesmo tempo, o 23 de xullo; e tamén solicitou trasladar os orzamentos a un pleno extraordinario o día 30. Ningún grupo da oposición contestou. O día 24 de xullo, nunha xunta de voceiros, o alcalde non aceptou as propostas de AER pero posteriormente convocou unha reunión para o xoves 26. Esta reunión prolongouse dende as 8:30 ata as 12:30h da mañá no salón de plenos do Concello. Os membros de AER tiveron coñecemento do resultado da reunión ao remate da mesma, e convocáronse para unha xuntanza ás seis da tarde dese mesmo xoves no Multiusos da Xunqueira, antes do pleno, para votar e decidir finalmente o posicionamento da Agrupación de Electores respecto da proposta de orzamentos, en virtude aos compromisos que o alcalde de Redondela estaba disposto a asumir das esixencias formuladas por AER.

Redondela, 29 de xullo de 2018